

Escola de Altos Estudos Musicais

A Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM) é un centro de educación musical creado en 1997 baixo a competencia da Xunta de Galicia. A súa misión é a formación e perfeccionamento dos futuros profesionais da música, así como a organización de actividades de divulgación musical.

A EAEM está estreitamente vinculada á Real Filharmonía de Galicia (RFG), coa que forma un único proxecto. O seu profesorado está formado, practicamente na súa totalidade, polos músicos principais e coprincipais da RFG, tendo os alumnos da EAEM a oportunidade de beneficiarse da experiencia e a profesionalidade de músicos en activo altamente cualificados.

Dende 2011, o Consorcio da cidade de Santiago asume a responsabilidade de xestionar a EAEM, de maneira que orquestra e escola quedan unidas baixo unha mesma xestión e dirección.

VIOLÍNS I

Niu Yirán, concertino
Anca Smeu*
Laura García
Jorge García
Alma Giráldez
Marcos Castro
Sofía T. Lorenzo
Naira Soto

VIOLÍNS II

Jorge Figueroa
Xian Rial
Sofía Gaona
Sinaí Gómez
Carla Suárez
Inés Ríos

VIOLAS

Tilmann Kircher*
Natalia Madison*
Emilia Durán

VIOLONCELLOS

Ana Represas**
Carmen Diego**
Paula García
Sara Pérez
Araceli Castro
Pablo Posse

CONTRABAIXOS

Dina Durán
Jéssica Paz

FRAUTAS

Belén Aragunde
Sofía Fernández

ÓBOES

María Lejuan Terán
Miguel Veloso

CLARINETES

Antía Lago
Daniela Pérez

FAGOTES

Pablo Guimarey
Diego Seoane

TROMPAS

Pablo Pazos
Miriam Parda

TROMPETAS

Sergio Fernández
José Ignacio Seijo

TROMBÓNS

Sergio Manteiga
David Vázquez

PERCUSIÓN

Gael Alberto Quintela
Iria Pérez

A Escola na cidade

Concertos Públicos EAEM 2023



CONCERTO DE ORQUESTRA DA EAEM

Sábado, 18 de marzo 2023 | 20:30h

Auditorio De Galicia · Sala Ángel Brage

*Profesores EAEM

**Profesores convidados

ORQUESTRA DA ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS
2022/2023

Maximino Zumalave, director

WOLFGANG AMADEUS MOZART (1756-1827)

Abertura de Don Giovanni

LUDWIG VAN BEETHOVEN (1770-1827)

Sinfonía núm. 6 en Fa maior, op. 68 'Pastoral'

Allegro ma non troppo

Andante molto mosso

Allegro

Allegro

Allegretto



Duración aproximada do concerto: 60 minutos (sen pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

Wolfgang Amadeus Mozart

Abertura de Don Giovanni

A trama da ópera Don Giovanni, inspirada en El Burlador de Sevilla e adaptada por Mozart e o seu libretista Lorenzo Da Ponte, xa databa de 1786; os seus elementos -unha estatua pantasmal e un libertino impenitente- eran aínda máis antigos. A música xira arredor do personaxe central Don Giovanni, o gran sedutor que representa unha nova moral para a época; a vida destinada a lograr a felicidade terreal, a través da sensualidade e o erotismo. A ópera está animada pola tensión entre a comedia e a traxedia que se opoñen e se superpoñen, o que Mozart aproveita ao máximo xa que, a diferenza da práctica habitual do momento, desempeña unha función dramática. Esta abertura está construída en dúas partes (introdución e *allegro*) dentro da forma sonata, a introdución asoma cun berro dramático dos violíns cuxos acordes en re menor marcan o ton que contrastan, rapidamente, cordas e frauta unidas para mostrar unha clara melodía humorística que logo crece dándolle máis vivacidade e carácter á abertura. Rematada a introdución, únese co *allegro* que presenta o primeiro tema en dúas partes en ton maior; aparece o segundo tema no que se percibe o humor do Mozart maduro, sobre todo, nos violíns. A melodía coa que comeza este tema aparece cos ventos en do maior e despois en la menor. Tras a exposición de ambos os temas chega o desenvolvemento tomando a segunda parte do segundo tema para tomar o primeiro cambiándoos a outras tonalidades para regresar á reexposición utilizando os dous primeiros temas e finalizando esta abertura composta por Mozart nunhas poucas horas da noite anterior á estrea polo que chegou á representación coa partitura para dirixir á orquestra que interpretou a primeira vista a abertura de Don Giovanni no Teatro Nacional de Praga o 29 de outubro de 1787.

Ludwig van Beethoven

Sinfonía núm. 6 en Fa maior, op. 68 'Pastoral'

Tralo fracaso da súa ópera Fidelio e rematada a súa Sinfonía núm 4, L. v. Beethoven compuxo o Concerto para violín en re maior op. 61 estreado en 1806. En setembro de 1807, o compositor comezou a traballar na súa Sinfonía en Fa maior, terminándoa a finais de xullo de 1808 cando ultimaba a Quinta. De significado oposto, ambas as pezas están intimamente relacionadas entre si e foron estreadas no mesmo concerto o 22 de decembro dese ano no Teatro an der Wien. Estas dúas obras tenden a converter a música nunha linguaxe tan expresiva que excede o seu significado sonoro para transmitir contidos que superan a idea musical, o que xa sucedera na sinfonía Heroica. Beethoven pasaba varios meses ao ano no campo, preto de Viena, e parece que a súa crecente xordeira levouno a escribir baixo o influxo da natureza esta Sinfonía núm 6 'Pastoral', que mostra ao autor ofrecendo o perfil máis contemplativo e ditoso do ser humano do que resulta unha das obras máis representativas da súa creación musical. O primeiro movemento permite achegarse ao sentimento do autor: Despertar de alegres sentimentos ao chegar á campiña, no que refina un canto popular que mostra a calma e a serenidade do campo, os trinos dos paxaros e o murmurio das fragas. A continuación, un Andante en sonata, Escena xunto ao regato, revela un dos cumios da arte beethoveniana: sobre unha base lírica, que parece predicir a luz e a cor dunha pintura impresionista, Beethoven ofrece pinceladas de naturalismo sonoro cando frauta, óboe e clarinete imitan ao reiseñor, ao paspallás e o cucullillo. No Allegro, unha alegre reunión dos campesiños, onde o stacatto das cordas e unha frase dos ventos conflúen nunha danza campestre sobre elementos do primeiro tema do Allegro inicial. Despois do Trio volve o Scherzo, cuxa repetición curta a tempestade, Tormenta e choiva, páxina na que se advirte de novo a capacidade de Beethoven para crear ideas musicais con conceptos instrumentais, anticipando efectos dignos do Romantismo máis avanzado. Música descritiva, programática, onde a desculpa da natureza transfórmase nunha innegable creación artística. O final da sinfonía Canto dos pastores. Sentimentos alegres e agradecidos despois da tormenta é un canto de acción de grazas de gran tenrura a través de imitacións, variacións, fugados, etc., no que Beethoven restitúe a quietude inicial da sinfonía.